

**BASES QUE REXERÁN AS RUTAS MARÍTIMAS EN GALEÓN QUE VAI
DESENVOLVER O CONCELLO EN COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN
ROMPETIMÓNS NO VERÁN 2019**

- 1.- Estas bases establecen o procedemento de inscrición nas prazas dispoñibles e lista de espera, mediante sorteo, para as rutas marítimas en Galeón que desenvolve o Concello en colaboración coa asociación Rompetimóns.
- 2.- As persoas interesadas en participar na actividade deberán presentar solicitude normalizada, no rexistro municipal ou mediante correo electrónico. O modelo de solicitude estará dispoñible na sede electrónica do Concello. O prazo de solicitudes comunicárase nos medios de comunicación de maior difusión. Por cada solicitude poderá haber un máximo de 5 participantes.
- 3.- A solicitude posibilita a participación no sorteo e a inscrición, segundo proceda do resultado do primeiro, na actividade ou na lista de espera.
- 4.- Entregarase un resgardo por cada solicitude. Posteriormente asignárase a cada solicitude un número de orde para o sorteo, que se lle comunicará ao solicitante por correo electrónico ou ben por teléfono. No caso de que a solicitude carece dalgún deses datos quedará automaticamente excluída.
- 5.- O sorteo realizárase mediante unha aplicación informática que permitirá obter de maneira aleatorio o número de corte. A primeira solicitude da lista resultante será aquela a quen corresponda o número obtido no sorteo, seguida polas seguintes do censo ata chegar á última, e detrás desta situaranse o resto de solicitudes dende a que figurara co número un (no caso de que non fose este o agraciado).
- 6.- Terán preferencia as persoas que non participaron nesta actividade no ano 2018. As persoas que aparezan en dúas solicitudes unicamente participarán co número asignado na presentada primeiro, quedando anuladas a segunda ou sucesivas solicitudes nas que aparezan.



7.- No caso de obter praza, avisaráselle por teléfono en horario de mañá un máximo de dúas veces para confirmar a asistencia á actividade. De non poder contactar pasarase ao seguinte da lista. Utilizarase o mesmo procedemento para avisar ás persoas da lista de espera.

8.- Poderanse reservar algunhas das rutas (un máximo de dúas) a colectivos de persoas con capacidades diversas. Para cubrir estas prazas non se seguirá o procedemento anteriormente descrito.